



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **9 de marzo de 2017** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

V.- En relación cos recursos de reposición contra a resolución do expediente de clasificación do monte veciñal en man común “Ampliación de Mouzón”, no Concello do Barco de Valdeorras, o Servizo de Montes elaborou informe con data 9 de marzo de 2017.

Un dos recursos é o presentado por D^a. Rosa Vega Rodríguez, que solicita a exclusión de cinco parcelas as que denomina da seguinte maneira: Laceiras, Carboco das Medias, Moreiras, Marco e Ladeiras do Val. As tres primeiras forman parte da superficie xa clasificada o día 28 de febreiro de 1977, polo que se trata dunha clasificación firme que non pode ser revisada polo Xurado. Mentres que a parcela denominada Marco está incluída dentro da superficie da revisión de esbozo acordada polo Xurado o día 9 de xuño de 2016, e que se considera axustada ás previsións recollidas na disposición transitoria décimoterceira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Pola súa parte, D^a. María del Pilar Rodríguez Álvarez presentou un recurso no que reclama catorce parcelas que considera da súa propiedade. Non obstante, e de acordo co informe do Servizo de Montes referido as parcelas denominadas pola reclamante como Moreiravella, Poulalonga, Laceiras e Soturdei xa estaban incluídas na clasificación do 28 de febreiro de 1977, polo que se trata dunha clasificación firme. E as parcelas nomeadas Borrleiras, Marco, Cotarelo (ubicadas dentro da parcela 513 do polígono 49) e Viña Golada (ubicada na parcela 954 do polígono 48) están na superficie incrementada coa revisión do esbozo.

Outro dos recursos é o presentado por D^a. Asunción López Rodríguez, en relación con dúas parcelas as que nomea como Caborco das Medias (incluída na parcela 1398 do polígono 50) e Ladeiras (incluída parcialmente na parcela 1397 do polígono 50). As citadas fincas foron clasificadas na ampliación do MVMC de “Mouzón”. Non obstante, o Xurado considera que a documentación aportada (informe pericial e hijuelas dos seus pais) non acreditan a súa propiedade sobre as mesmas, sen prexuízo da posibilidade que poida acudir os tribunais da xurisdición civil.

Por último, D^a. Milagros Rodríguez López solicita a exclusión de once parcelas do MVMC "Mouzón". Catro delas (Borralleira, Raia Moreiravella e Chaomollado) están dentro do monte veciñal clasificado o día 28 de febreiro de 1977, xa firme. A finca Nogueira está nas mesmas condicións que as anteriores aínda que non está totalmente incluída.

A parcela Marco e outras tres denominadas Gándara están incluídas na revisión de esbozo, que o Xurado entende realizada conforme a dereito. A Ladeira do Val está incluída na parcela 1397 do polígono 50 clasificada como ampliación do Mouzón, sen que o Xurado entenda que a documentación achegada (informe pericial, hijuelas dos seus difuntos pais e testamentos de Eliseo Rodríguez D^a. Pilar López Doporto) acredite a propiedade das mesmas, sendo competencia en todo caso a súa valoración da xurisdición civil.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a vinteseite de outubro de dous mil dezasete.

Vº. e prace
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 10 de agosto de 2016, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado ampliación do Mouzón, a favor dos veciños de Fervenza e O Meiral, na parroquia de Santa Mariña do Monte, no concello do Barco de Valdeorras (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 9 de xuño de 2016, adoptou a seguinte resolución:

«Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado ampliación do Mouzón, a favor dos veciños de Fervenza e O Meiral, na parroquia de Santa Mariña do Monte, no concello do Barco de Valdeorras (Ourense) resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 24 de xuño de 2014, tivo entrada no Rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de José Manuel Vega Jerez, no cal solicita a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas ampliación do Mouzón.

Segundo. Con data do 4 de novembro de 2015, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abre un período de un mes para a práctica de alegacións.



Terceiro. Contra o escrito de inicio do procedemento presentáronse diversos escritos de alegacións, entre os cales se atopan o achegado por Rafael Paradelo Vega, en representación da CMVMC de Santa Mariña, que reclama a exclusión do expediente de clasificación das parcelas 2 do polígono 53, e 445 e 446 do polígono 54. Non obstante, o Servizo de Montes informou o día 30 de maio de 2016 que parte da superficie da parcela 2 do polígono 53 (28.000 m²) pertence aos veciños de Fervenza e O Meiral; e que as parcelas 445 e 446 do polígono 54 non están actualmente clasificadas como monte veciñal en man común.

Por outro lado, Francisco Vega Rodríguez alegou que as parcelas 500, 810 e 838 do polígono 54 deben ser excluídas do expediente de clasificación. No entanto, o Servizo de Montes informou o día 5 de febreiro de 2016 de que as parcelas citadas non están incluídas no expediente de clasificación.

As restantes alegacións (presentadas por Ana María Rodríguez Vega, Rosa Vega Rodríguez e Antonio Rodríguez Ulloa) refírense a reclamación de propiedade sobre terreos que cos datos fornecidos non é posible identificar, a pesar de seren requiridos para que achegasen as certificacións catastrais respectivas. Ademais, limítanse a presenzar copias de anexos, pero non o título de que deriva a propiedade dos terreos reclamados.

Polo exposto, o xurado acordou a ampliación do MVMC Mouzón desestimando a totalidade das reclamacións presentadas.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Analizada a descrición do perímetro da carpeta ficha do monte Mouzón e o esbozo que o representa graficamente advértense diferenzas na súa interpretación. No linde do monte polo oeste, no número 3.4 da carpeta ficha, lese que esta vai desde o alto de Mouzón seguindo a liña do concello de Vilamartín ata os predios particulares e segue polo norte bordeando segundo a poligonal deses predios ata o regueiro de Fervenza. No esbozo da carpeta ficha esta estrema non se achega ata os predios particulares e a liña do perímetro queda por este lado máis retrasada.

A solicitude de clasificación, no que afecta a ampliación da parcela Mouzón, podería incorrer nunha dobre clasificación, polo que o xurado provincial interpreta a solicitude de ampliación desta parcela como unha revisión do esbozo do monte Mouzón xa clasificado e considera como nova clasificación outra parcela denominada ampliación do Mouzón.



Como conclusión, a clasificación de varias parcelas como monte veciñal desdóbrase, por un lado, nunha revisión do esbozo do monte Mouzón (A) e por outro nunha nova clasificación (B).

Como consecuencia da revisión do esbozo, o monte Mouzón xa clasificado incrementa a súa superficie e quedaría formado polas seguintes parcelas catastrais:

Concello	Datos catastrais			
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m²)
O Barco de Valdeorras	48	954	Monte de Arnado	194.184
		9003	Camiño público	3.500
	49	513	Monte Mouzón	978.004
		9008	Camiño público	4.200
		9009	Camiño público	400
	53	9002	Camiño público	4.500
		2 (parte)	Monte Xigua	28.000
	54	237	Lombeiro	49.958
		256	Lombeiro	411.316
		266	Lombeiro	126.753
		9011	Camiño público	2.200
		9012	Camiño público	500
		9013	Camiño público	3.000
		9014	Camiño público	1.300
	Superficie total			1.807.815 m² 180,78 ha

As estremas quedarían definidas como segue:

Norte (parcelas catastrais enumeradas de oeste a leste); do polígono 48 as parcelas: 9001, 955 e 956.

Leste (parcelas catastrais enumeradas de norte a sur).

Do polígono 48 as parcelas: 957, 9001, 783, 782, 925, 749, 748 e 747.

Do polígono 49: 9003, 184, 183, 507, 201, 202, 203, 509, 510, 511, 256, 257, 258, 259, 263, 262, 270, 264, 265, 267, 266, 268, 533, 271, 272, 274, 275, 276, 277, 278, 292, 512,



295, 387, 388, 389, 390, 391, 392, 393, 394, 396, 397, 416, 415, 414, 413, 417, 421, 422, 487, 486, 485, 484, 522, 483, 523, 482, 481, 480, 478, 477, 476, 475, 474, 470, 456, 455, 453, 452, 449, 448, 9008 e 447.

Do polígono 54: 869, 867, 825, 818, 817, 812, 811, 810, 807, 808, 809, 798, 796, 772, 9012, 9013, 720, 721, 722, 723, 724, 725, 726, 727, 728, 731, 732, 733, 734, 735 e 9011.

Do polígono 53: 1.

Sur: intersección dos concellos: O Barco de Valdeorras, A Veiga e Petín.

Oeste: liña dos concellos de Petín e Vilamartín de Valdeorras.

B. Considérase como nova clasificación:

Denominación do monte: ampliación do Mouzón.

Superficie: 90.640,72 m² (aprox. 9,06 ha).

Pertenza: CMVMC de Fervenza e O Meiral.

Parroquia: Santa Mariña do Monte.

Concello: O Barco de Valdeorras.

1. Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Datos catastrais				Superficie en clasificación (m ²)
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m ²)	
O Barco de Valdeorras	50	1398	Coral	15.130	15.130
		1397	Coral	34.648	34.648
		1820	Campo da Parada	3.391	3.391
		9002	Camiño público		3.482
	54	446	Pendón	17.139	17.139
		445	Pendón	15.667	15.667
		9002	Camiño público		1.119
	Superficie en clasificación				90.576 m ² 9,06 ha



2. Estremas.

Norte (parcelas catastrais enumeradas de oeste a leste); do polígono 50, as parcelas: 9003 (camiño), 1750 e 1759.

Leste (parcelas catastrais enumeradas de norte a sur).

Do polígono 50: 9003 (camiño), 1758, 9006 (camiño) e 9007 (camiño).

Do polígono 54: 9002 (camiño).

Sur (parcelas catastrais enumeradas de leste a oeste).

Do polígono 54: 1080, 212, 433, 434, 1077, 1076, 436, 480, 482, 1002, 542 e 9002 (camiño).

Do polígono 50: 9004, 1754, 1755, 1756 e 9001 (río).

Oeste (parcelas catastrais enumeradas de sur a norte); do polígono 50: 9001 (río) e 658.

3. A clasificación destes terreos non afecta ningún monte veciñal en man común dos clasificados ata a data nin dos que están en trámites de clasificación. Non invaden montes catalogados de utilidade pública, montes cualificados como protectores ou con outras figuras de especial protección, e non están afectados por consorcios ou convenios para a xestión forestal pública.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei “son montes veciñais en man común (...) os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.



Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, e corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que veña gozando del ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado ampliación do Mouzón, a favor dos veciños de Fervenza e O Meiral, na parroquia de Santa Mariña do Monte, no concello do Barco de Valdeorras (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso postestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

Ourense, 10 de agosto de 2016

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: wxy3ekk1-icm3-jn56-zjl5-yka0qk4k32p6



